



El Jefe del Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Ourense informa lo siguiente:

I - ANTECEDENTES

Que con fecha 25 de septiembre de 2000 (nº de registro de entrada 13.138), los vecinos de la comunidad de M.V.M.C de Cenlle (Cenlle), solicitan la transformación a convenio del consorcio que afecta al monte vecinal en mano común de su propiedad.

Que el acuerdo fué tomado en asamblea de 24 de septiembre de 2000.

II - SUPERFICIE Y POSICIÓN ADMINISTRATIVA

Que el 25 de Octubre de 1978, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de la provincia de Ourense, tomó el acuerdo de clasificar como vecinal en mano común el monte denominado "Coto de Názara", perteneciente a los vecinos de Cenlle, en el concello de Cenlle (Ourense).

Que el consorcio "Coto de Názara " OR-3065 fué aprobado en fecha 5 de octubre de 1959 para la repoblación de unas 20 ha. En realidad la superficie repoblada es de 26,02 ha.

Que el convenio que se propone quedaría integrado por la totalidad del consorcio OR-3065 perteneciente al pueblo de Cenlle: 26,02 ha repobladas en su totalidad.

III - CUENTA DE GASTOS E INGRESOS

Que el cálculo del saldo inicial del convenio que se propone, estaría integrado por la totalidad de los gastos e ingresos del consorcio de partida.

Que conforme a lo dispuesto en la disposición adicional segunda de la Ley 13/89 de 10 de octubre, de montes vecinales en mano común, la deuda existente hasta el año de la clasificación (1978) queda condonada.

Durante el año en curso no se han producido gastos ni ingresos hasta la fecha.

1º.- Gastos e ingresos generados por el consorcio OR-3065:

- Gastos de 1960 a 1978:	251.529,77 ptas.
- Gastos de 1978 a 2000	1.423.590,00 ptas.
- Ingresos de 1960 a 1978	242.507,60 ptas.
- Ingresos de 1979 a 2000	1.505.567,00 ptas.

2º.- Gastos e ingresos anteriores a la fecha de clasificación del monte como MVMC (1978).

Redondeando en ptas.:	
- Gastos.....	251.530.-ptas.
- Gastos admon. 7,85%.....	19.745.-ptas.
- Gastos guardería: 590 ptas. x 26,02 has....	<u>15.352.-ptas.</u>
TOTAL GASTOS.....	286.627.-ptas.

- Ingresos: 242.508.- ptas.

SALDO = INGRESOS- GASTOS = 242.508 -286.627 = - 44.119 Pts.

Este saldo negativo es condonado por aplicación de la Ley 13/89

3º.- Gastos e ingresos posteriores a la fecha de clasificación (1979-2000)

- Gastos:	1.423.590.-ptas
- Gastos de Admon. 7,85%	111.752.-ptas.
-Gastos de guardería: 1130 ptas/ x 26,02 has.	<u>29.403.-ptas.</u>
TOTAL GASTOS	1.564.745.-Ptas.

- Ingresos: 1.505.567.- ptas.

SALDO = I - G = 1.505.567 - 1.564.745 = -59.178 pesetas a favor de la Xunta de Galicia.

IV - PROPUESTA DE APROBACIÓN DEL CONVENIO

Por todo esto, **proponemos:**



PRIMERO.- Que se apruebe el convenio del monte con las siguientes características:

Nombre: **COTO DE NÁZARA**

Número de elenco: 321-55200

Superficie: 26,02 ha repobladas

Pertenencia: Comunidad vecinal de Cenlle

Concello: Cenlle Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre el anticipo: 1% anual

Participación de la comunidad en el vuelo creado: 70%


Participación de la conselleria en el vuelo creado: 30%

Saldo inicial del convenio: **59.178 pesetas a favor de la Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que se rescinda totalmente el consorcio denominado "Coto de Názara" OR-3065, por pasar en su totalidad al nuevo convenio.

Santiago de Compostela, 18 de septiembre de 2001.

**O Subdirector Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**



Plácido Baamonde López.

**Visto e prace
O Director Xeral,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente. Santiago de Compostela.-

**INFORME M.V.M.C. COTO DE NÁZARA- 32155200**

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade de Cenlle en Cenlle (Ourense) para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Coto de Názara".

Con data 17 de setembro de 2001 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Ourense para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Coto de Názara" pertencente á comunidade de Cenlle, no concello de Cenlle por 26,02 has procedentes do consorcio OR-3065.

Vista a solicitude de D^a. Rosa María Nóvoa Veloso en calidade de secretaria da C.M.V.M.C. de Cenlle de data 24 de setembro de 2001, en referencia á assemblea xeral da mesma data;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de 11 de xuño de 2001;

Vista a certificación da encargada da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común de Ourense de data 5 de xullo de 2001;

Vistas as certificacións e o informe do Xefe de servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense de data 11 de xuño de 2001, favorables á petición,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común,

INFOUMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes; informe sometido a criterio mellor fundado. Non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos nin as valoracións de tipo económico. O carto parágrafo da 10^a clausula do novo convenio considérase contraria ó establecido no parágrafo 3º do artigo 56 do Real Decreto 1279/1978, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei de Fomento da Producción Forestal, polo que se considera non posta.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2001



Asdo: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio do monte coas seguintes características:

Nome: **COTO DE NÁZARA**

Número de elenco: 321-55200

Superficie: 26,02 ha repoboadas

Pertenza: Comunidade veciñal de Cenlle

Concello: Cenlle Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contsabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Participación da comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **59.178 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que se rescinda totalmente o consorcio denominado "Coto de Názara" OR-3065 e se cancele a súa conta, por pasar na súa totalidade ó novo convenio.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei



29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2001.

O CONSELLEIRO
(por Orde do 12-01-98)
O Secretario Xeral,

José Luís Aboal García-Tuñón.



Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	321	55200
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a vinte de setembro de dous mil un. ~~de mil novecentos~~
~~noventa e~~

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMÉNEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. LUCITA RODRIGUEZ FERNANDEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común COTO DE NAZARA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 5-10-1959 (COTO DE NAZARA OR-3065) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~XX A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do monte existente e independente do Consorcio anterior, que continúa dependendo da titularidade propietaria (isque se da non exists).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a COMUNIDADE VECINAL DE CENLLE.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: COTO DE NAZARA

Termo municipal: CENLLE Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal M.V.M.C. CLASIFICADO EL 25-10-1978; SITUADO EN PARTE DENTRO DEL CONSORCIO OR-3065

Límites:

N.: PUEBLO DE CENLLE

S.: CARRETERA DE VALDEPEREIRA

L.: CAMINO A SADURNIN

O.: TAPADA DO ABUELO Y T.M. RIBADAVIA

Superficie: 25,87 HAS. MAS 0,15 HAS. LO QUE HACE UN TOTAL DE 26,02 HAS.

Estado forestal: 25,87 HAS ARBOLADAS DE P.PINASTER, MAS 0,15 MAS DE P.PINASTER, LO QUE HACE UN TOTAL DE 26,02 HAS.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 25,87 HAS. MAS 0,15 HAS., TOTAL 26,02 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: LAS USUALES DE PASO

3ª - O chan continuará pertencendo a LA COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE CENLLE

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado de súa pertenza existente nestes terreos (se non existe)~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 25,87 HAS. DEL OR-3065 DENOMINADO COTO DE NAZARA, MAS 0,15 HAS, DEL MISMO CONSORCIO, LO QUE HACE UN TOTAL DE 26,02 HAS.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 35 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. PINASTER.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don MIRIAN AREAL LÓPEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "Coto de Názara", clasificado en data 25 outubro 1978, cunha superficie de 30,17 Ha, a favor dos veciños da parroquia de Cenlle no Concello de Cenlle (Ourense).

2.—Que, así mesmo, figura Don a Lucita Rodríguez Fernández, e Don a Rosa María nóvoa Veloso, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, desde 4 xuño 2000 ata 4 de xuño de 2004.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 5 de xullo de 2001.

Don ROSA M^a NOVOA VELOSO, Secretario de M. V. M. C. COTO DE NAZARA.

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 24 de Septiembre de 2000 estando designado Don Lucita Rodríguez Fernández representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Cenlle a 11 de Junio de dos XX mil novecientos noventa e uno.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo. :

Lucita Rodríguez Fdez

Asdo. :

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,



Pola Consellería de Medio Ambiente,

CONSELLEIRO
RD. (ORDE DO 12-01-98)
SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón